

Soaba o espertador. Roi apagouno e levantouse coma calquera outro xoves para ir á escola, sen saber que ese non sería un xoves calquera. Foi cara ó seu gardarroupa selector de conxunto, un gardarroupa que tiña un ordenador incorporado, o cal rexistraba as preferencias do usuario e a roupa que tiña gardada dentro, e cada mañá suxería unha combinación de roupa usando eses datos. Púxose a roupa suxerida e foi para a cociña, onde súa nai estaba preparando o almorzo.

-Bos días – Díxolle á sua nai.

-Bos días, deíche uns filetes na neveira para facer cando chegues da escola, que hoxe traballo ata tarde. Ah! e onte esquecimos de acender o compactador de refugallo e non se baleirou, así que acéndeo agora – O compactador de refugallo era un aparello instalado hai un ano, máis ou menos, que compactaba por separado cartón e papel, lixo orgánico, inorgánico e vidro, e posteriormente enviábaos a catro contedores no soto do edificio; de madrugada pasaban camións recolléndoo todo a través dunha especie de colectores enfronte do edificio.

-Vale, ata a noite logo.

Almorzou e marchou para a escola no bus. Ó chegar atopouse con Pablo e outros compañeiros da súa clase e entraron para adentro.

-Que clase toca agora? - Preguntou Roi, quen nunca se lembraba do horario e tiña que preguntar sempre qué clase tiñan a continuación. A verdade é que a Roi non lle importaban moito as clases, xa que nunca tomaba apuntes nin se molestaba en facer os exercicios; conformábase con aprobar polos pelos, todo o contrario que o seu mellor amigo Pablo, que era alumno modelo.

-Matemáticas. – Contestoulle este último – Supoño que xa estará na clase o profesor, sempre ten apuro por comezar.

Efectivamente, o profesor de matemáticas xa estaba na clase. Os alumnos sacaron os seus cadernos de corrección en tempo real e encendéronos. Estes cadernos táctiles permitíanlle ó profesor escribir exercicios no seu propio caderno e despois envialos ó caderno dos alumnos. Posteriormente podía, a través do seu caderno, ver o que estaba facendo un alumno en concreto e corrixiilo.

Roi, coma sempre, non tiña présa por empezar.

-Oe Pablo, que día é hoxe?

-5 de novembro de 2029, e non me molestes que estou traballando.

Roi empezou a escribir a data no seu caderno o máis amodo posible, mentres roñaba contra o seu aburrido compañeiro de mesa. Mirou os exercicios, " bah, eu esta merda non a sei facer", e púxose a esperar a que rematara Pablo para copialo.

-Roi, faino por ti mesmo – Berroulle o profesor de matemáticas, que nese momento estaba a mirar no seu caderno.

Roi púxose a rosmar contra os cadernos do demo e intentou facer os exercicios. E así ata o cambio de clase.

- E agora que toca? - Preguntou outra vez Roi.

-Historia, hoxe tocaba rematar Cartago, supoño que hoxe poñeranos no mapa a incursión de Aníbal contra Roma e poñerá algunha batalla importante no simulador de situación.

O mapa interactivo era un mapa táctil no que se podía seleccionar un momento da historia e un país calquera e mostraba as incursións e batallas nese lugar, ademais das cidades principais e lugares históricos. O simulador eran coma unha especie de pantallas que ocupaban todas as paredes e a porta da aula e recreaba un lugar histórico ou unha batalla en concreto de maneira tan real que podía parecer que estabas co teu pupitre no medio de Roma ou rodeado por aguerridos soldados do imperio, loitando contra bárbaros.

A predición de Pablo cumpríuse e Xermán, o profesor de historia, mostroulles a rota de Aníbal dende Hispania ata as portas de Roma, vencendo ó exército romano en múltiples batallas.

-Agora vovos poñer no simulador a batalla de Cannae ou Cannas, na que Aníbal derrotou con simple xenio militar un exército moi superior en número e adestramento.

Accionou o simulador e seleccionou a batalla. Inmediatamente as luces apagáronse e quedou todo escuro. A continuación a luz volveu; estaban nunha planicie de herba sen refuxio ó seu redor, cun río á súa esquerda. Inmediatamente déronse conta de que algo pasaba, pois estaban sentados na herba e non comodamente nos seus pupitres, que simplemente parecía que desapareceran.

-Eh, que pasou aquí? Por que estades no chan?, e por que demos estamos entre os dous exércitos? - Dixo Xermán.

Normalmente a clase situábase nun outeiro convintemente cercano ó lugar do combate dende onde se divisaba a batalla en toda a súa magnitude. Xermán foi cara á parede que de seguro tiña que estar uns cinco pasos en calquera dirección, para que ó tocar as pantallas

do simulador, este se apagara; non obstante, camiñou máis de vinte pasos e alonxouse dos alumnos moito máis do espazo dunha clase. Os alumnos empezaron a murmurar nerviosos.

-Eehh ben, probade nos outros lados, poida que pasara pola porta – Xermán sabía moi ben que a porta estaba pechada, pois senón o simulador non se acende. Algúns alumnos comprobaron que non había paredes.

-Que merda está pasando aquí? - Garcés perdeu os nervios – Ei! os exercitos veñen cara a aquí, correde!

-Iso é unha parvada, non nos farán nada, non son reais, só son hologramas – Dixo o mestre, intentando convencerse a si mesmo, ademais de ós alumnos.

Observaron os dous exércitos que se acercaban. No que tiñan ás costas, presumiblemente o exército púnico, un grupo de soldados empezou a lanzar pedradas con fondas. Cando xa estaban relativamente cerca do bando inimigo, os arqueiros de ambos exércitos empezaron a enviar proxectiles por riba das cabezas dos alumnos. O exército romano estaba agora a tan só uns 200 metros e entón algo golpeou o pé de Roi. Unha pedra.

-Ei!, isto non se supoñía que era un holograma tamén? - Preguntoulle a Pablo.

Foi daquela cando o mestre soultou un alarido; unha das frechas do exército cartaxinés, que caían cada vez máis preto segundo se achegaban os romanos, caéralle no pé. Os alumnos quedaron estupefactos. Garcés volveu berrar.

**-CORREDE!**

E esta vez todos, sen excepción, fixéronlle caso. Pero o exército romano estaba moi preto; se non se daban présa serían esmagados ou atravesados polas lanzas da vangarda. Correron con toda a súa alma e todos conseguiron pasar diante da infantería romana, agás o mestre, que quedou tendido no chan co pé atravesado. Mais polo flanco da infantería viña a cabalería dos aliados de Roma. Escoitouse un berro estremecedor entre o ruído dos cascos e os berros de loita dos soldados, unha das rapazas non conseguira pasar. Os demais chegaran fóra da liña do exército, resoplando e chorando pola sorte dalgún dos seus compañeiros, en total tres, ademais do mestre. Iria, Uxía e mais Álvaro.

-Hai que alonxarse máis, a loita está demasiado preto de nós, calquera deses cabalos pode fuxir ó ser ferido e arroiarnos. – Dixo Héctor.

-Pero os outros... - Empezou Xulia.

-Os outros non creo que sirva de moito esperar por eles. - Cortouna Garcés. - Que isto

sexa un pesadelo, por favor!. Que alguén apague o maldito simulador.

-Alguén ten reloxo? Se isto segue sendo unha simulación, ó acabar a hora, a seguinte clase debería abrir a porta e apagar o simulador. - Dixo Aleixandre, pero ninguén lle contestou, mentres se alonxaban chorando os mais deles.

Chegaron a unha pequena arboreda, algo afastada da loita, que non chegaba nin para ocultar os 11 rapaces que eran. Dende alí distinguiron que a batalla era moito máis encarnizada agora. O exército cartaxinés fixera unha bolsa ó retroceder ó seu centro e agora os romanos, atrapados, estaban sendo masacrados, hostigados dende todas as direccións, xa que a cabalería cartaxinesa do flanco do río dispersara inmediatamente a cabalería romana e agora unha parte hostigaba os romanos dende a retagarda e a outra axudáballe á cabalería cartaxinesa da outra banda, que pronto acabou con ese flanco romano tamén. Entón, definitivamente, os romanos empezaron a ser totalmente masacrados, rodeados por inimigos e cunha reducida mobilidade que os imposibilitaba de usar as súas armas. A batalla estaba por rematar e os romanos intentaban fuxir. Os rápidos xinetes númeridos dábanlle caza ós que conseguían romper o cerco cartaxinés e eran capturados, ou, se opoñían resistencia, eran asasinados sen máis contemplacións. De súpeto, ocorreu. Un grupo de xinetes númeridos acababa de divisar os rapaces entre as árbores. Os númeridos foron cara a eles.

-Merda, veñen cara a aquí, fuxide. - Garcés levababa a voz cantante no tema de botar a correr.

-Non, idiota, ou acaso ti corres mais ca un cabalo?. - Roi estaba nervioso. - Se non nos resistimos, igual só nos atan, e nos deixan tranquilos ata que se apague o simulador.

Entre tanto, os númeridos chegaron ata eles, con caras pouco amistosas; deberon decatarse de que non eran romanos, polo que un deles dirixiu unha especie de pregunta en dirección a Garcés, que era o máis grande do grupo.

-Non te entendo, deixádenos en paz. - Dixo este, visiblemente nervioso.

Ó númerido de pel escura non lle debeu gustar o seu ton, porque baixou do cabalo e agarrouno por un brazo, de malas maneiras.

-Sóltame!

Garcés intentou soltarse e todos entenderon rapidamente que fora unha mala idea, porque os númeridos desenvainaron e, sen unha vacilación, o seu xefe espetoulle unha coitelada a Garcés.

- Merda! - Roi e os demais empezaron a correr dispersándose en todas direccións.

Os númeras comezaron a darlles caza. Roi correu sen mirar atrás, escoitando os seus berros e o aire zumbándolle nos oídos. Un cabalo pasou preto del; unha bota golpeouno e tirouno ó chan; ergueuse axiña e viu ó númera que baixaba a espada nun golpe cara abaixo. Todo se puxo negro.

Volveron as luces, abriuse a porta, o mestre de historia da arte estaba na porta.

-Que pasou? Hai 10 minutos que tocou a serea. - Calou ó velos a todos pálidos coma mortos.

Só había 8 alumnos. Alguén se botou a chorar.